

Por orde do Sr. Presidente convócase aos membros da Comisión de Titulación do Grao en Intelixencia Artificial para o día 30 de xaneiro, ás 9:30 horas na Sala X3.1.

## ORDE DO DÍA:

1. aprobación de actas de reunións anteriores
2. informes:
3. PDA 2023/24
4. Número prazas curso 2023/24
5. Informes de calidade
6. rolda aberta

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

### Asistentes

- Alberto J. Bugarín Diz
- José María Alonso Moral
- José Ameijeiras Alonso
- Víctor Brea Sánchez
- María Loreto Fernández Fernández
- Gracia Frutos Martínez
- Julia González Álvarez
- David E. Losada Carril
- Joaquín Triñanes Fernández

### Excusan asistencia

- Anselmo Tomás Fernández Pena
- M<sup>a</sup> Carmen Palacios Oubiña

## Acordos

1. aprobación de actas de reunións anteriores

Apróbase a acta da reunión do 2 de novembro de 2022

2. informes:

3. PDA 2023/24

Apróbase a PDA coa corrección de erros nas horas de interactivas en moitas materias e o número de grupos de interactivas en 2º curso, que será 1.

4. Número prazas curso 2023/24

Apróbase manter o mesmo número de prazas actual

5. Informes de calidade
  - a. Estudantado de nova incorporación

Coméntanse os resultados, destacando a relativamente pequena participación (29), algo habitual neste tipo de enquisas, a procedencia dos estudantes (maioritariamente da provincia de Pontevedra, máis do 20%), e que nas materias optativas cursadas maioritariamente en 2ºBach son Debuxo, Física, Química e mesmo Tecnoloxía. TIC non é a optativa maioritaria (30%, 19%). Como cabía esperar a fonte primaria de información é a web, o que aconsella melloralas. Parece que é tamén mellorable a información que se proporciona na xornada de Benvida sobre a titulación.

b. Carga de traballo no 1ºC

Nun estudio dos resultados dos estudantes, a carga de traballo promedio semanal é dunhas 3-4h por materia, excepto en Introducción aos computadores (7-8). Os datos son consistentes coa percepción dos docentes (respectivamente 4 e 7 horas). Con todo o número de horas global semanal non aparenta unha carga excesiva (25 horas presenciais +23 de traballo=48).

c. Accións de calidade 2023

Coméntase a necesidade de definir accións en cuestión de espazos, difusión e captación, mobilidade e visitas técnicas (inclusión nas programacións docentes)

## 6. rolda aberta

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023